



Laboratorio de **ALDARA**

<<GRAVIDADE>>

1º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta.

1-Que lei nos di que a aceleración que experimenta un corpo é igual á forza exercida sobre el e dividida pola súa masa?			
Lei da inercia.	Lei de acción e reacción.	Lei ou principio da dinámica.	Lei de Arquímedes

2-. A capacidade para poder realizar algo, vencendo unha resistencia denomínase:			
forza.	peso.	velocidade.	aceleración.

3- Todo corpo permanece en repouso ou en movemento se non actúa sobre el ningunha forza segundo a....			
Lei da inercia.	Lei de acción e reacción.	Lei ou principio da dinámica.	Lei de movemento

4-.A forza coa que os corpos son atraídos cara a Terra, chámase			
inercia.	gravidade.	forza.	resistencia.

5-.Se deixamos caer un corpo libremente faino en liña.....			
curva e vertical.	recta e horizontal.	recta e vertical.	curva e horizontal.



2º PROBA: Verdadeiro ou falso. Escribe unha X na opción correcta e xustifica a túa resposta.

1-. Se lanzamos unha pelota ao aire desprázase cun movemento horizontal.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

2-.Cando tiramos calquera obxecto ao aire é atraído pola gravidade cara á terra.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3-.Os obxectos con máis peso son atraídos con máis forza cara á terra.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

4-.O rozamento do aire inflúe na velocidade coa que caen os obxectos á terra.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

5-.O rozamento do aire inflúe na forza coa que a gravidade atrae aos obxectos cara á terra.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta.

1-.Como se chama o científico que determinou a lei de gravidade?		
Newton.	Arquímedes.	Galileo.

2-.Os planetas mantéñense nas súas órbitas virando ao redor do sol grazas á.....		
forza da inercia.	forza da gravidade.	forza do sol.

3-.Cada forza ou acción exercida sobre un corpo existe outra igual de sentido contrario segundo a		
Lei da acción e reacción..	Lei da inercia.	Lei da dinámica.

4-.A oposición que presenta un corpo a unha forza contraria denomínase:		
forza.	masa.	resistencia.

5-.Os corpos que teñen maior masa son atraídos cunha forza.....		
proporcional á gravidade.	máis intensa chamada gravidade.	menos intensa chamada gravidade.



4º PROBA: resolve os problemas e descobre o código secreto de Aldara

No experimento da gravidade utilizamos diferentes obxectos *queremos saber canto pesa cada un*: pelota de golf, bola de porexpan, pluma, folio e bola de birlos.


Fíxate nas pistas e descubre canto pesa cada cousa.



Colle o teu caderno e fai os calculos que necesites:

- O folio pesa 4,69gr. e a pluma 2gr.
- A pelota de golf + o folio = 50,69gr.
- A bola de porexpán + a pelota golf + o folio =51,69gr.
- Todos os obxectos xuntos pesan 7313,69gr.

*Código secreto:
Canto pesa a bola
dos birlos?*



Código secreto de Aldara: